

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E O REAL AEROCLUB DE LUGO PARA REGULAR A COLABORACIÓN NO USO DAS INSTALACIÓNS AERONÁUTICAS DO AERÓDROMO DE ROZAS

En Santiago de Compostela, a 12 de abril de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, D^a M^a JESÚS LORENZANA SOMOZA, Conselleira de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia e Presidenta da Axencia Galega de Innovación (en diante, Gain) actuando no exercicio do cargo para o que foi nomeada por Decreto 67/2023, do 14 de xuño (DOG n.º 113 do 15 de xuño de 2023), en uso das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia, e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus Estatutos.

E, doutra parte, D. LUÍS ABELLEIRA MAYOR, presidente do Real Aeroclub de Lugo, tal e como figura no Servizo Provincial de Deportes da Secretaria Xeral para o Deporte en Lugo, en nome e representación da citada entidade, con domicilio social en Rozas, concello de Castro de Rei e rexistrada no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia co número de rexistro C-00011, de data 22/09/1983 e domicilio en Rúa Mondoñedo, 6, 27004 Lugo.

As Partes, recoñecéndose mutuamente capacidade legal suficiente, subscriben o presente Convenio, a cuxo efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Esta entidade atópase adscrita á Consellería de Economía, Industria e Innovación (Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia) e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto de a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propia, e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis. Ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes (artigo 2.1 dos seus estatutos).

Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

En exercicio das súas competencias, GAIN recibiu o mandato de impulsar o sector aeroespacial en Galicia mediante un conxunto de programas de investimento e actuacións recollidas no Plan Estratéxico do Polo Aeroespacial de Galicia. Entre eles, un programa de investimento en infraestruturas orientadas a desenvolver a oferta científico-técnica necesaria para que as empresas do sector aeroespacial poidan realizar as súas actividades de I+D en territorio galego. A principal destas infraestruturas é o aeródromo especializado en voos non tripulados de Rozas.

SEGUNDO. - Que o Real Aeroclub de Lugo é unha sociedade deportiva sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia co número de rexistro C-00011, de data 22/09/1983, que xestiona o campo aéreo do Aeródromo de Rozas. Dada a transformación impulsada pola Xunta deste aeródromo —de aeródromo deportivo en aeródromo especializado en voos non tripulados— o Real Aeroclub de Lugo debe igualmente transformarse e comezar a realizar a actividade da xestión de aeronavegabilidade de voos non tripulados.

TERCEIRO. - Que o 14 de marzo de 2011, a Directora Xeral de infraestrutura, por delegación da Ministra de Defensa (Orde DEF/3015/2004, do 17 de setembro), outorgou ao Real Aeroclub unha

concesión demanial con duración de 10 anos sobre as instalacións aeronáuticas do Aeródromo de Rozas (pista de voos, hangares, instalacións de combustible, etc.), así como sobre as instalacións deportivas ou de lecer que foron financiadas polo propio Aeroclub (piscinas, canchas, etc.). A concesión demanial a favor do Real Aeroclub de Lugo prorrogouse por un período de 7 anos a contar desde o 15 de marzo de 2021 (vixencia ata marzo de 2028).

A devandita concesión establece que o Aeroclub “correrá con todos los gastos de las obras de acondicionamiento que se precisen en la propiedad objeto de la presente concesión, así como las correspondientes a la conservación, mantenimiento [...]”. Ademais, deberá aboar un canon ao Ministerio de Defensa polo uso e utilización das instalacións.

CUARTO.- Que durante os últimos dez anos, a Xunta concentrou no Aeródromo de Rozas un conxunto importante de investimentos, destinados a converter o devandito aeródromo nunha infraestrutura de referencia para a I+D+i aeroespacial en España e en Europa, entre elas:

- A creación do Centro Mixto de Investigación Aeroportada (CIAR) é un centro mixto da Xunta de Galicia e o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA) xestionado como infraestrutura tecnolóxica aberta para dar soporte ás necesidades de experimentación da comunidade científica.
- A construción dun parque industrial no aeródromo de Rozas, (en diante, PIR), que se constitúe como unha infraestrutura aberta de carácter empresarial e tecnolóxico cuxo obxectivo é atraer investimentos estables de empresas do sector aeroespacial a Galicia.
- O equipamento do aeródromo con tecnoloxías de simulación de voos e experimentos, cun laboratorio 5G e con tecnoloxías de seguridade e ciberseguridade para voos aeroespaciais, que dotan á infraestrutura dun equipamento único na súa clase.

QUINTO.- Que o éxito de todos estes investimentos depende de que o Real Aeroclub realice a actividade de xestión da aeronavegabilidade de voos non tripulados. Só así poderá garantirse que a actividade aérea no Aeródromo de Rozas se multiplique e diversifique. Para iso, o xestor do campo aéreo se verá obrigado a realizar actividades novas e acometer investimentos que non fosen necesarias no caso de non existir a política de impulso do sector da Xunta de Galicia.

SEXTO.– Que como se pode deducir do manifestado nos puntos anteriores, e en cumprimento do establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral pois impulsan a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico en Galicia en relación coas actividades do sector aeroespacial, contribúen a maximizar os resultados, efectos e impactos dos investimentos realizados pola Xunta neste sector e permiten que o Aeródromo de Rozas realice a actividade de xestión da aeronavegabilidade de voos non tripulados.

SÉTIMO.– Dado que o Real Aeroclub de Lugo é a única entidade que ten encomendada polo Ministerio de Defensa (propietario do aeródromo) a xestión do campo de voo do mesmo e dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo.

OITAVO.– Que o Real Aeroclub de Lugo e o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial asinaron o 30 de decembro de 2021 un convenio para regular a súa colaboración na utilización das instalacións aeronáuticas do aeródromo e os servizos proporcionados polo Aeroclub. O Aeroclub comprométese a que as instalacións aeronáuticas estén en condicións de ser utilizadas polo INTA: Pola súa parte, o INTA satisfará un importe equivalente a “un tercio de los gastos derivados del mantenimiento y conservación de las instalaciones aeronáuticas, necesarios para que en el Aeródromo se puedan llevar a cabo actividades aeronáuticas y este se encuentre operativo, así como los gastos generales derivados del uso del mismo, siempre que no sea posible su individualización. Se excluye del importe a satisfacer por el INTA los gastos relacionados con las instalaciones deportivas y de ocio financiadas por el propio Aeroclub (piscinas, canchas, etc.)” [Cláusula Tercera.- Gastos]. O período de vixencia do convenio esténdese dende 2022 ata 2025, e a achega anual do INTA ascende a 30.000€.

NOVENO.– O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período, así como o Plan Galego de investigación e innovación 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

Neste contexto, o segundo reto da RIS3 consiste en desenvolver un modelo industrial baseado na competitividade e o coñecemento co obxectivo de incrementar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia, a través das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais a a evolución das cadeas de valor. En relación con este reto, unha prioridade é a sostibilidade e outra prioridade é a dixitalización.

Os instrumentos, apoios e actuacións que se desenvolven no marco da RIS3 en relación con cada obxectivo estratéxico recóllense nos correspondentes programas. O obxectivo estratéxico 3 busca completar e consolidar as cadeas de valor.

En consecuencia, o presente convenio enmárcase na RIS3 respondendo ao reto 2 (modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento) a través das prioridades 1 (sostibilidade) e 2 (Dixitalización). Ten como obxectivo estratéxico completar e consolidar as cadeas de valor (obxectivo estratéxico 3), integrándose polo tanto no programa Completa e Transfire.

Neste sentido, se o Real Aeroclub non realiza a nova actividade de xestión da aeronavegabilidade de vehículos non tripulados, a Xunta non podería alcanzar os seus obxectivos de impulso do sector aeroespacial.

Por canto antecede, as partes acordan formalizar o presente Convenio de colaboración, en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. - OBXECTO

O obxecto do presente convenio é apoiar economicamente ao aeródromo de Rozas para a posta en marcha dunha nova actividade de

aeronavegabilidade de aeronaves non tripuladas. Os investimentos realizados pola Xunta de Galicia no Aeródromo e no sector aeroespacial necesitan que o Aeroclub de Lugo acometa esta nova actividade, caracterizada por unha maior complexidade e responsabilidade. A nova actividade impacta de forma relevante nas súas responsabilidades relativas á xestión das instalacións aeronáuticas do Aeródromo, á conservación, mantemento, seguridade e adecuada utilización; e tamén ás novas actividades de operación relativas aos permisos e autorizacións necesarias para que no Aeródromo se poidan levar a cabo as actividades aeronáuticas relacionadas coa vehículos non tripulados.

Esta nova actividade de aeronavegabilidade no aeródromo, a acometer polo Real Aeroclub de Lugo é un elemento crave para que Galicia poida aproveitar os resultados, efectos e impactos dos investimentos realizados no sector aeroespacial.

Polo exposto, é de interese público e, por tanto, de interese da Xunta de Galicia colaborar economicamente para a posta en marcha da nova actividade de aeronavegabilidade de vehículos non tripulados polo Real Aeroclub de Lugo.

SEGUNDA. – GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 15 de decembro do 2026. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os conceptos subvencionables no marco deste convenio son os seguintes:

- Gastos do persoal de nova contratación
- Gastos das actividades de operación e das tarefas de mantemento, necesarios para garantir a aeronavegabilidade. Entre os gastos de operación e mantemento non se poderán incluír os seguintes gastos correntes das instalacións: subministración de electricidade, subministración de auga e gastos de telefonía.

A intensidade de axuda para este concepto (Operación e mantemento) será, como máximo, de **un terzo dos gastos** derivados das actividades de operación e mantemento nas instalacións do aeródromo, necesarios para que nel se poidas levar a cabo



actividades aeronáuticas e que se encontre operativo. O límite máximo da axuda para ese concepto será de 20.000 euros. Exclúese da axuda de Axencia Galega de Innovación os gastos relacionados coas instalación deportivas e de ocio, que serán financiados polo Aeroclub.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

TERCEIRA. - COMPROMISOS

O **Real Aeroclub de Lugo** comprométese a:

- Presentar previamente á sinatura do convenio:
 - Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 11.e) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Declaración responsable de todas as axudas solicitadas e concedidas para a mesma finalidade ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.
- Contratar o persoal necesario, realizar as actividades de operación e as tarefas de mantemento que garantan a aeronavegabilidade dos sistemas aéreos non tripulados que realizan os seus voos no marco da Civil UAVs Initiative.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas; e tamén facilitar a inspección e control da Axencia Galega de Innovación co obxectivo de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
- Comunicar á Axencia Galega de Innovación, tan pronto se teña



coñecemento, a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

- Subministrar toda a información necesaria para que a Axencia Galega de Innovación poida dar cumprimento ás obrigas recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para incluír e facer público, a través do Portal de transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro do presente convenio.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Axencia Galega de Innovación.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os xuros de mora devengados dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación, en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do convenio coa utilización do

seu correspondente logotipo identificativo.

- Cumprir coas obrigas de publicidade e transparencia previstas na cláusula sétima do convenio.
- Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do convenio no marco da avaliación da RIS3 Galicia e doutros mecanismos de seguimento.

CUARTA. - FINANCIAMENTO

A Axencia Galega de Innovación concede unha subvención ao Real Aeroclub de Lugo cun máximo de 210.000€ para o período 2024-2026.

A distribución por anualidades é a seguinte:

Aplicación orxamentaria	Código de proxecto	Importe Ano 2024	Importe Ano 2025	Importe Ano 2026
09.A2.561A.481.0	2015.00018	70.000€	70.000€	70.000€
TOTAL		210.000€		

A distribución por conceptos de gasto do importe de cada anualidade será a seguinte:

CONCEPTO	Importe Ano 2024	Importe Ano 2025	Importe Ano 2026	TOTAL
Persoal	50.000€	50.000€	50.000€	150.000€
Mantemento e operación*	20.000€	20.000€	20.000€	60.000€
TOTAL	70.000€	70.000€	70.000€	210.000€

(*) Entre os gastos de operación e mantemento non se poderán incluír os seguintes gastos correntes das instalacións: subministración de electricidade, subministración de auga e gastos de telefonía.

A subvención concedida será compatible con outras subvencións concedidas para o mesmo fin, sempre e cando con esas axudas non se supere o 100% do custo das actividades obxecto do convenio.

Atendendo ao establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Real Aeroclub de Galicia poderá subcontratar o 100% dos gastos subvencionados, que sexan susceptibles de selo, ao abeiro do presente convenio. A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto no citado artigo 27 e no artigo 43 do regulamento da Lei de Subvencións, respectando ao efecto os límites establecidos no punto 7 do citado artigo en canto a persoas ou entidades coas que non se pode concertar a subcontratación.

Así, o artigo 27.7 da Lei 9/2007 establece que en ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

1. Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 desta lei.
2. Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3. Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
4. Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario.

No caso de contratación de servizos ou subministracións e materiais, cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere os 15.000 euros no global do proxecto para un mesmo provedor, deberán solicitarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarse de conformidade con criterios de eficacia e economía, e achegarse unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora, nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei de subvencións de Galicia.

QUINTA. – CONDICIÓNS DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación efectuará o pagamento estipulado no convenio ao Real Aeroclub de Lugo, previa comprobación da realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada na Axencia Galega de Innovación, conforme o sinalado a continuación:

- Un pagamento único por anualidade, que se fará efectivo despois da revisión da documentación xustificativa presentada polo Real Aeroclub de Lugo.
- A xustificación presentarase, en todo caso, antes do 15 de novembro do ano en curso. No caso da última anualidade, a data límite de presentación será o 5 de decembro.
- Nas anualidades 2025 e 2026 poderán incorporarse os gastos de persoal correspondentes aos meses de novembro e decembro do ano anterior.

Xustificación:

Toda a documentación deberá presentarse por vía electrónica. O beneficiario responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenta. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Nos casos de imposibilidade funcional e/ou tecnolóxica que impidan a presentación electrónica da documentación, esta poderá presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Como documentación xustificativa da realización das actividades do convenio e segundo o establecido no artigo 48 do Decreto 11/2009, o Real Aeroclub de Lugo deberá presentar toda a información de acordo cos seguintes puntos:



- Memoria explicativa das actividades desenvoltas durante o ano e a súa vinculación cos voos realizados no marco da Civil UAVs Initiative nas instalacións do Aeródromo de Rozas. Nas anualidades 2025 e 2026 incluíranse as actividades desenvoltas desde o día seguinte ao da presentación do informe do ano anterior.
- Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste o concepto subvencionable, o proveedor, o número de factura, o importe (co IVE detallado) e a data de cada un dos xustificantes, agrupados por conceptos de gastos. Deberá facerse constar cales foron os gastos totais e, no suposto de ter outras axudas para o mesmo fin, indicarse o importe das axudas concedidas destinado a financiar eses gastos.
- Documentación acreditativa da realización do 100% do investimento ou gasto, consistentes en facturas, nóminas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información para que permita relacionala co gasto xustificado. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá achegar unha copia en formato pdf dos documentos orixinais acompañada dunha declaración responsable da autenticidade deses documentos achegados así como o compromiso de presentar os orixinais cando GAIN llos requira.
- No caso do persoal deberá presentarse:
 - a. Contrato de traballo do persoal contratado especificamente para cumprir cos obxectivos do convenio.
 - b. Copia das nóminas do persoal dedicado ás actividades do proxecto e copia dos xustificantes bancarios do seu pago. Nos xustificantes de pago das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas.
 - c. Relación nominal de traballadores (RNT) e recibo de liquidación de cotizacións (RLC), así como os xustificantes bancarios de pago.
 - d. Declaración responsable da non participación do persoal dedicado ao proxecto, financiado con cargo á axuda do presente convenio, noutras actividades/proxectos



financiados con axudas procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional ou, en caso contrario, declaración responsable de non superar, conxuntamente coa dedicación ao proxecto, a porcentaxe do 100 %.

- Documentación xustificativa do pagamento: copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias, extractos bancarios ou, de ser o caso, documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento; o número e o importe total da factura pagada. No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. Non se aceptarán aqueles documentos de pagamento que non permitan identificar claramente as facturas vinculadas ao concepto ao que corresponden.
- Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o Real Aeroclub de Lugo.

Así mesmo, deberá presentar:

1. Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Declaración das solicitudes e/ou concesións de outras axudas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.
3. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De non xustificar o importe total das actuacións desenvolvidas, a Axencia Galega de Innovación minorará a súa achega proporcionalmente, sempre

e cando se acadara o obxecto do presente convenio e, así mesmo, resérvase o dereito de solicitar a documentación que considere precisa en relación coa xustificación de gastos.

SEXTA. – RÉXIME DE GARANTÍAS

Segundo o establecido no artigo 65.4.f) do regulamento da lei de subvencións de Galicia, o Real Aeroclub de Lugo está exonerado de constituír garantías no marco das actuacións desenvolvidas neste convenio.

SÉTIMA. - PUBLICIDADE E REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso por parte do Real Aeroclub de Lugo para que a Administración Galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo ás obrigas específicas en materia de información sobre convenios; e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

O contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

OITAVA. - COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E COORDINACIÓN

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento de composición paritaria, integrada por 2 representantes de Gain (un dos cales actuará como presidente) e 2 representantes do Aeroclub de Lugo, designados para ese efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento, as seguintes:

- Realizar o seguimento das actuacións do convenio.
- Propoñer solucións aos conflitos que puidesen xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do mesmo.
- As que sexan precisas para a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirase as veces que sexan precisas a solicitude de calquera das partes asinantes..

Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA. - CONFIDENCIALIDADE

As partes comprométense a non difundir, baixo ningún aspecto, toda información intercambiada entre elas e en particular as informacións científicas, técnicas ou de calquera outra índole, pertencentes á outra parte, ás que haxa poder tido acceso no desenvolvemento dos traballos que puidesen realizarse, salvo autorización previa por escrito da outra parte.

Esta obriga de confidencialidade non será de aplicación cando:

- A parte receptora poida demostrar que coñecía previamente a información recibida.
- A información recibida sexa ou pase a ser de dominio público.
- A parte receptora obteña autorización previa e por escrito da súa revelación.
- A información sexa requirida xudicialmente ou por orde de autoridade administrativa.

DÉCIMA. - INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas no presente convenio e a Axencia Galega de Innovación, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

UNDÉCIMA.- CONTROL

A Axencia Galega de Innovación poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas.

DUODÉCIMA.- ALTERACIÓN DAS ACTUACIÓNS

Toda alteración nas accións a realizar, agás as que se autoricen explicitamente nas cláusulas deste convenio, deberán ser obxecto de autorización pola Axencia Galega de Innovación e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, consonte o artigo 35 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

En aplicación do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver polo Real Aeroclub de Lugo ou a ampliación do prazo de execución.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia do convenio esténdese desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2024.

DÉCIMO CUARTA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do presente convenio, procedendo ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- Incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.

- Incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio
- Transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- Acordo mutuo das partes.
- Serán causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención, o incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do investimento que se financia ou da obriga de xustificación.

O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO E CONTROVERSIAS.

Este convenio ten carácter administrativo, rexéndose aos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdicional do Contencioso Administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan este documento electronicamente na data indicada.

Pola Axencia Galega de Innovación	Polo Real Aeroclub de Lugo
Mª Jesús Lorenzana Somoza	Luís Abelleira Maior